

RESOLUCIÓN

Nº Expediente: 2021/CONTRAT/000048

ASUNTO: RECTIFICACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXEN A LICITACIÓN DE “TRABALLOS PARA A REALIZACIÓN DO “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE OLEIROS” (MCPL01-RT2021)”

Por Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía núm. 2021002827 de 9 de xuño, aprobouse o expediente e os pregos que rexen a licitación para o expediente de “TRABALLOS PARA A REALIZACIÓN DO “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE OLEIROS” (MCPL01-RT2021)”, cun orzamento de 49.586,78 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (10.413,22 €), o que supón un importe de 60.000,00 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de SEIS (6) meses, sen prexuízo das obrigas contractuais que se adquiren como consecuencia do compromiso de execución de melloras, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 49.586,78 €.

A publicación da licitación na Plataforma de Contratación do Estado prodúcese con data 9 de xuño de 2021, admitindo a presentación de ofertas ata o 25 de xuño e con previsión de mesa de contratación para avaliar as ofertas en data 29 de xuño.

Posteriormente, con data 11 de xuño, exponse unha dúbida por un posible licitador na Plataforma de Contratación do Estado, na que se indica o seguinte (transcrición literal):

“Buenos días:

Queríamos formular dos preguntas en relación al procedimiento:

1. En cuanto al criterio de adjudicación Experiencia del personal, ¿se valora la experiencia curricular del técnico adscrito a la ejecución del contrato o de la empresa licitadora? Esto es, un técnico perteneciente a la empresa que se adscribe al contrato pero que haya redactado un PMUS con anterioridad.

2. En cuanto a la valoración de los PMUS se aplica la puntuación para PMUS entre 5.000-20.000 habitantes y entre 20.000-50.000 habitantes, ¿qué puntuación correspondería a los PMUS de más de 50.000 habitantes?

Un saludo”

Ao tratarse a característica referida a un criterio de adxudicación requirido polos técnicos, e buscando favorecer a libre concorrencia e competencia no senso descrito no artigo 126.6 da LCSP, considérase necesario realizar unha rectificación dos pregos técnico e administrativo, aclarando o devandito criterio e que non leve a dúbida.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto 2619/2019, de 20 de xuño, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar os Pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares aprobados por Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía núm. 2021002827 de 9 de xuño, no seguinte senso:





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

Onde di:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PONDERACIÓN
1. EXPERIENCIA DO PERSOAL	<p>Valorarase a experiencia acreditada do licitador na realización de PMUS sen límite temporal e consonte á seguinte escala, a maiores da experiencia presentada para acreditar a solvencia técnica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • PMUS realizados en municipios entre 5.000 e 20.000 habitantes: 2,00 puntos por PMUS. • PMUS realizados en municipios entre 20.000 e 50.000 habitantes: 3,00 puntos por PMUS. <p>Deberán acreditarse mediante certificados de boa execución ou certificado emitido polo destinatario.</p> <p>DOCUMENTACIÓN: anexo X debidamente cuberto.</p>	15 puntos

“

”

Ha de dicir:

“

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PONDERACIÓN
1. EXPERIENCIA DO PERSOAL	<p>Valorarase a experiencia acreditada por calquera dos/as técnicos/as do equipo de traballo vinculado á elaboración do PMUS sen límite temporal e consonte á seguinte escala:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participación na elaboración de PMUS realizados en municipios entre 5.000 e 20.000 habitantes: 2,00 puntos por PMUS. • Participación na elaboración de PMUS realizados en municipios de máis de 20.000 habitantes: 3,00 puntos por PMUS. <p>Os traballos presentados para acreditar este criterio non poderán coincidir cos presentados para acreditar os requisitos de solvencia técnica.</p> <p>Deberán acreditarse mediante certificados de boa execución ou certificado emitido polo destinatario da prestación.</p> <p>DOCUMENTACIÓN: anexo X debidamente cuberto.</p>	15 puntos

”

SEGUNDO.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas, fixando como data límite de recepción das mesmas o luns, 28 de xuño de 2021, ás 23:59 horas.

TERCEIRO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente de Alcalde, dona María José Varela Neira (competencia delegada por Decreto 2019002619 de 20 de xuño, publicado no BOP da Coruña núm. 128 de 9 de xullo de 2019), e a Secretaria accidental, dona María Pilar Cela Álvarez, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

